



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. N. 1 PONTEVEDRA

SENTENCIA: 00119/2020

Modelo: N11600
RUA HORTAS N° 2 - 3° PONTEVEDRA
Teléfono: 986805667-8 **Fax:** 986805666
Correo electrónico: contenciosol.pontevedra@xustiza.gal
Equipo/usuario: MR
N.I.G: 36038 45 3 2019 0000900
Procedimiento: PA PROCEDIMIENTO ABREVIADO 0000334 /2019 /-MS
Sobre: ADMON. LOCAL
De D/Dª: representante legal en representación de
Abogado: MARIA CRISTINA ARIAS BARROS
Procurador D./Dª:
Contra D./Dª CONCELLO DE VIGO
Abogado: LETRADO AYUNTAMIENTO
Procurador D./Dª

Materia: Sancións. Administración local. Multa de tráfico por estacionamiento indebido.

Contía: 100 euros.

SENTENZA

Número: 119/2020

Pontevedra, 16 de xullo de 2020

Visto por D. Francisco de Cominges Cáceres, maxistrado do Xulgado Contencioso-Administrativo Núm. 1 de Pontevedra, o **PROCEDIMIENTO ABREVIADO 334/2019** promovido por D. , representado e asistido pola Letrada do turno de oficio Dª Mª Cristina Arias Barros; contra o **CONCELLO DE VIGO**, representado e defendido pola Letrada da súa Asesoría Xurídica Dª María Isabel Fernández Gabriel.

ANTECEDENTES

1º.- D. interpuxo recurso contencioso-administrativo fronte a sanción de multa de 200 euros (reducida a 100 euros) que lle impuxo o Concello de Vigo polo estacionamento indebido do vehículo matrícula na beirarrúa do Paseo de Alfonso XII no 11 de xullo de 2019 (expte. 2019/38355).

No "suplico" final da Demanda solicitou: <<*dite sentenza pola que se anule o acto impugnado ordenando a devolución do importe pagado polo meu representado en contía de 100 € (cen euros), e todo elo con imposición de costas á parte demandada*>>.

2º.- No día 8 de xullo de 2020 celebrouse a vista oral do xuízo. Néla non compareceu a Letrada do Concello de Vigo.



Recibiuse o proceso a proba, practicándose documental. Realizouse tamén trámite de conclusións, quedando o preito visto para sentenza.

3º.- A contía do litixio é de 100 euros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Constitúe o obxecto deste Procedemento Abreviado a sanción de multa de 200 euros (reducida a 100 euros) que lle impuxo o Concello de Vigo a D. polo estacionamento indebido do vehículo matrícula na beirarrúa do Paseo de Alfonso XII no 11 de xullo de 2019, ás 16:38 horas (expte. 2019/38355).

Expón o recorrente na súa **Demanda**, en síntese, en primeiro lugar que o estacionamento do vehículo foi obrigado, por causa de forza maior, ante a indisposición da súa acompañante tras unha recente intervención oftalmolóxica. En segundo lugar, afirma que non estacionou en lugar prohibido, porque non existía sinal ningún de prohibición, nin tampouco bordillo de beirarrúa que permitise identificala como tal.

O Concello de Vigo non compareceu á vista do xuízo, co cal non respostou á demanda. Non xustificou en forma a súa incomparecencia. E o escrito de alegacións que presentou en data 3 de xullo de 2020 non pode ser tido en conta, pola súa manifesta extemporaneidade (o artigo 54.4 LXCA só permite presentar tal escrito nos 20 días posteriores ao emprazamento da Administración demandada, nos supostos nos que non se persona, que non é o caso).

II.- Trala valoración conxunta da proba practicada conclúese a necesaria desestimación do recurso, polas seguintes razóns:

O recorrente foi denunciado por cometer un estacionamento indebido, na zona peonil do Paseo de Alfonso XII de Vigo, xusto a carón do olivo centenario, símbolo da cidade.

Renunciou ao seu dereito a formular alegacións no expediente sancionador, acolléndose ao beneficio do desconto do 50% do importe da multa establecido no artigo 94 do Texto Refundido da Lei de Tráfico aprobado por Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro. Iso conlevou a finalización automática do procedemento, sen fases de proba e audiencia (nin polo tanto de ratificación-explicación da denuncia polos Axentes de tráfico).

Neste proceso xudicial e nun escrito que presentou na vía administrativa, datado o 30 de agosto de 2019 (fols. 9 e ss. do expte.), o actor recoñece o estacionamento do vehículo no exacto lugar indicado na denuncia. Tamén que permaneceu alí unha media hora (mentres a súa acompañante tomaba unha bebida na cafetería máis próxima e él acudía ao servizo nela).

Pois ben, da análise das fotografías obrantes no expediente administrativo non queda dúbida ningunha sobre a comisión do feito infractor: o estacionamento do vehículo sobre a beirarrúa destinada ao tránsito peonil. É máis que evidente o cambio de pavimento entre a calzada destinada ao tráfico de vehículos e a beirarrúa peonil. Tamén que se trata dun espazo reservado aos peóns.





ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

Por outra banda, as circunstancias alegadas para xustificar ese estacionamento indebido (malestar da súa acompañante e necesidades fisiolóxicas do propio conductor) non constitúen circunstancias eximentes da responsabilidade. A poucos metros de distancia existe un aparcamento público soterrado no que podía ter estacionado o coche legalmente sen problema ningún (parking de Policarpo Sanz).

III.- Polas razóns expostas debe desestimarse íntegramente a Demanda. Non se vai realizar condena en costas, considerándose a incomparecencia do Concello de Vigo na vista oral do xuízo.

PARTE DISPOSITIVA

1º.- DESESTIMAR o recurso contencioso-administrativo interposto por D. fronte a sanción de multa de 200 euros (reducida a 100 euros) que lle impuxo o Concello de Vigo polo estacionamento indebido do vehículo matrícula na beirarrúa do Paseo de Alfonso XII no 11 de xullo de 2019 (expte. 2019/38355).

2º.- Sen imposición de costas.

Notifíqueselle esta resolución ás partes do proceso, coa indicación de que contra ela non cabe interpór Recurso de Apelación (art. 81.1.a/ da Lei Xurisdiccional 29/1998, modificado por Lei 37/2011).

La difusión del texto de esta resolución a partes no interesadas en el proceso en el que ha sido dictada sólo podrá llevarse a cabo previa disociación de los datos de carácter personal que los mismos contuvieran y con pleno respeto al derecho a la intimidad, a los derechos de las personas que requieran un especial deber de tutelar o a la garantía del anonimato de las víctimas o perjuicio, cuando proceda.

Los datos personales incluidos en esta resolución no podrán ser cedidos, ni comunicados con fines contrarios a las leyes.

Asinado por: COMINGES CAGERES, FRANCISCO DE
Data e hora: 16/07/2020 11:54:24

